# 1.IDENTIFICACIÓN

**TÍTULO DA TAREFA:**

HOXE COÑECEMOS A .... COY MATHIS

| | | | |
|---|---|---|---|
| **ETAPA** | PRIMARIA | **NIVEL** | 1º E 2º EP |
| **ÁREA/S** | LINGUA GALEGA E LITERATURA. | **MESTRES** | CLARA |

**DESCRICIÓN DA TAREFA:**

Traballar a vida de Coy Mathis, a nena transexual a que lle negaron o uso do baño de nenas. Gravar para que o resto do alumnado e familias coñeza a súa historia a través do noso programa de radio “A voz de Athenea”.

**XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:**

Con esta tarefa contribuiremos de xeito especial ao desenvolvemento da Competencia lingüística (habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral o escrita). Ademais esta tarefa inclúese dentro do Proxecto de Innovación Educativa do Club de Letras.

**CONTEXTO:**

Escolar. Levarase a cabo no ámbito de aprendizaxe lingüístico.

# 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

| ACTIVIDADES | ESTÁNDAR 1 | ESTÁNDAR 2 | ESTÁNDAR 3 | ESTÁNDAR 4 |
|---|---|---|---|---|
| ***1 SESIÓN (MARTES)*** | | | | |
| **Comezamos a primeira sesión cun círculo para revisar cargos e compromisos.** | LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.<br>Observación Directa | LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.<br>Observación Directa | LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.<br>Observación Directa | LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.<br>Observación Directa |
| **Por equipos, coa estrutura de "Lectura Compartida", leremos o texto *"Coy Mathis"* do libro *Cuentos de Buenas Noches Para Niñas Rebeldes.*** | LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.<br>Observación Directa<br>Lectura compartida | LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.<br>Observación Directa<br>Lectura compartida | LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.<br>Observación Directa<br>Lectura compartida | |
| **Vemos un ou varios vídeos relativos a noticias procedentes dos medios de comunicación sobre o caso de Coy Mathis.** | LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.<br>Observación Directa<br>Vídeo | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **En gran grupo completaremos un Bubble Map con información sobre Coy Mathis.** | LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.<br>Observación Directa<br>Bubble Map | LGB1.7.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.<br>Observación Directa<br>Bubble Map | LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.<br>Observación Directa<br>Bubble Map | |
| ***2 SESIÓN (XOVES)*** | | | | |
| **De novo comezaremos cun círculo. Nesta ocasión a pregunta proposta é a seguinte: Que máis sabedes sobre Coy Mathis?** | LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.<br>Observación Directa | LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.<br>Observación Directa | LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.<br>Observación Directa | LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.<br>Observación Directa |
| **Engadimos a información que consideremos oportuna ao bubble map e eliximos unha ou varias imaxes de Coy Mathis, que formarán parte do cartel que incluirá ademais das fotos, o bubble map elaborado polos propios nenos/as e un código QR no que se esconderá a gravación para o programa de radio.** | LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.<br>Observación Directa<br>Póster | LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.<br>Observación Directa<br>Póster | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Preparamos a entrevista que emitiremos na radio escolar sobre Coy Mathis.** | LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo. Redacción entrevista | LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. Redacción Entrevista | LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos. Redacción Entrevista | |
| **Gravar, para a súa emisión na radio.** | LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. Gravación | .3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase. Gravación | | |
| **Avaliar cargos e compromisos.** | LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper. | LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás. | LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. | LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral. |

# 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

| ACTIVIDADES | EXERCICIO 1 | EXERCICIO 2 | EXERCICIO 3 | EXERCICIO 4 |
|---|---|---|---|---|
| **Comezamos a primeira sesión cun círculo para revisar cargos e compromisos.** | Recordamos o cargo que cada neno/a ten asignado. | Revisamos os compromisos adquiridos por cada un dos nenos/as. | | |
| **Por equipos, coa estrutura de "Lectura Compartida", leremos o texto *"Coy Mathis"* do libro *Cuentos de Buenas Noches Para Niñas Rebeldes.*** | Ler en voz alta intentando comprender a información. | Resumir a información destacando as palabras clave ou ideas principais. | Participar respectuosamente, escoitar activamente e esperar a quenda. | |
| **Vemos un ou varios vídeos relativos a noticias procedentes dos medios de comunicación sobre o caso de Coy Mathis.** | Atender ao vídeo. | Preguntas de comprensión relativas ao vídeo. | | |
| **En gran grupo completaremos un Bubble Map con información sobre Coy Mathis.** | Organizar e estruturar a información principal sobre a vida de Coy Mathis. | Cubrir o Bubble Map. | Revisar e comprender a información. | |
| XOVES | | | | |
| **De novo comezaremos cun círculo. Nesta ocasión a pregunta proposta é a seguinte: Que máis sabedes sobre Coy Mathis?** | Ler en voz alta a información recollida sobre Coy. | Participar respectuosamente, escoitar activamente e esperar a quenda. | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Engadimos a información que consideremos oportuna ao bubble map e eliximos unha ou varias imaxes de Coy Mathis, que formarán parte do cartel que incluirá ademais das fotos, o bubble map elaborado polos propios nenos/as e un código QR no que se esconde a gravación para o programa de radio.** | Engadir información nova ao bubble map se fora necesario. | Por equipos escoller/seleccionar a imaxe ou imaxes de Coy Mathis que formarán parte do cartel. | Participar respectuosamente na elaboración do cartel. | Revisar o cartel. |
| **Preparamos a redacción/entrevista que emitiremos na radio escolar sobre Coy Mathis.** | Repartir a información para gravar a redacción. | Preparar a redacción/entrevista oral do noso traballo. | Participar dando opinións e respectando as opinións dos nosos compañeiros/as | |
| **Gravar, para a súa emisión na radio.** | Gravar o texto final que será emitido na radio escolar sobre Coy Mathis. | Escoitar a gravación e buscar solucións aos posibles fallos. | Gravar de novo se fora necesario corrixindo os fallos. | |
| **Avaliar cargos e compromisos.** | Avaliar cargos en gran grupo e por medio do diálogo. | Avaliar compromisos en gran grupo lanzando a pregunta: Que podo mellorar? | | |

| ACTIVIDADES | ESCENARIO | AGRUPAMENTO | RECUSOS DIDÁCTICOS | TEMP. |
|---|---|---|---|---|
| **Comezamos a primeira sesión cun círculo para revisar cargos e compromisos.** | Aula. | Gran Grupo. | Cadeiras e obxecto da palabra. | 09:30<br>10:00 |
| **Por equipos, coa estrutura de "Lectura Compartida", leremos o texto "Coy Mathis" do libro *Cuentos de Buenas Noches para Niñas Rebeldes*.** | Aula. | Gran grupo.<br>Pequeno grupo. | Libro | 10:00<br>10:45 |
| **Vemos un ou varios vídeos relativos a noticias procedentes dos medios de comunicación sobre o caso de Coy Mathis.** | Aula | Gran Grupo. | Vídeo | 10:45<br>11:00 |
| **En gran grupo completaremos un Bubble Map con información sobre Coy Mathis.** | Aula. | Gran grupo.<br>Individual. | EDI.<br>Bubble Map. | 11:00<br>11:30 |
| XOVES | | | | |
| **De novo comezaremos cun círculo. Nesta ocasión a pregunta proposta é a seguinte: Que máis sabedes sobre Coy Mathis?** | Aula. | Gran Grupo. | Cadeiras e Obxecto da palabra.<br>Información recollida. | 09:30<br>10:15 |
| **Engadimos a información que consideremos oportuna ao bubble map e eliximos unha ou varias imaxes de Coy Mathis, que formará parte do cartel que incluirá ademais das fotos,** | Aula. | Gran grupo. | EDI | 10:15 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **o bubble map elaborado polos propios nenos/as e un código QR no que se esconde a gravación para o programa de radio.** | | Pequeno Grupo | Bubble map | 11:15 |
| **Preparamos a redacción/entrevista que emitiremos na radio escolar sobre Coy.** | Aula. | Gran grupo | Papel<br>Lápis | 10:15<br>11:15 |
| **Gravar, para a súa emisión na radio.** | Aula. | Individual ou pequeno grupo | Gravadora de voz | 10:15<br>11:15 |
| **Avaliar cargos e compromisos.** | Aula. | Gran Grupo<br>Pequeno Grupo | Caderno de Equipo | 11:15<br>11:40 |

# LISTA DE COTEXO

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | SI | NON |
|---|---|---|
| PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | | |
| LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada. | | |
| LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase. | | |
| LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. | | |

# ESCALA DE VALORACIÓN

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE<br>**LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.** | NADA | POUCO | SUFICIENTE | MOITO |
|---|---|---|---|---|
| Axuda aos seus compañeiros cando o precisan | | | | |
| Realiza o seu traballo con responsabilidade | | | | |
| Esfórzase para avanzar na tarefa participando na toma de decisións | | | | |
| Respecta o traballo e opinións dos demais | | | | |